

# DELIVERANCE

John Boorman, 1972

# 1329

ESTREA EN NUMAX: 10.07.2024 | V.O.S.E. | 110 min

Catro amigos que viven na cidade deciden pasar unha fin de semana nos Montes Apalaches, lonxe das súas familias e os problemas da oficina. Queren baixar en canoa un río que atravesa un bosque que axiña será inundado pola construción dunha presa. Todo parece ir ben pero, tras unha xornada pracenteira, o encontro cos locais converte a excursión nun pesadelo.

«Unha alegoría moi ben estruturada sobre Estados Unidos e os estadounidenses. Para ver e logo pensar»

Derek Malcolm, THE GUARDIAN



## Unha experiencia catártica e extenuante

Por Adrián Massanet

O vínculo do home moderno coa natureza salvaxe é un dos temas máis recorrentes da gran literatura e do gran cinema. Ese vínculo abórdouse de moi diferentes maneiras por escritores ou cineastas: desde unha perspectiva absolutamente inxenua e por iso indefendible, ata unha forma moi escura de percibir a contorna natural, por moi bucólica que esta sexa. Dentro dese arco de posibilidades, as que observan a natureza como un ambiente de liberdade pero despiadado e terrible, a quinta realización do británico John Boorman, é unha das experiencias máis catárticas e extenuantes que pode vivir un espectador. Probablemente *Deliverance* sexa a película máis redonda de toda a filmografía de Boorman e un dos filmes que mellor demostra o extraordinaria que foi en moitos sentidos a década dos setenta. Unha aventura inesquecible e conmocionadora, que non ofrece a menor concesión ao espectador nin o menor divertimento barato.

Baseada na novela homónima de James Dickey, que escribiu así mesmo o guión e que se reservou un pequeno pero importante papel na produción, a película segue moi fielmente o texto literario, salvo detalles moi pequenos pero cruciais e aterradores como a famosa frase “berra como un porco”. O certo é que é un material perfecto para unha película, e a diferenza entre o que John Boorman busca e o que atopa é nimia, por non dicir inexistente. Din que Marlon Brando e Lee Marvin foron a elección inicial para os papeis principais, pero que se botaron atrás, deixando o camiño libre a John Voight e Burt Reynolds. A rodaxe foi dura, con difíciles e perigosas escenas nas canoas, río abaixo, en belísimas paraxes naturais de Xeorxia, Carolina do Norte e Carolina do Sur.

*Deliverance* é a rotunda verificación de que o medo extremo nunha pantalla de cinema pode lograrse sen a axuda de monstros sobrenaturais nin fantasías perversas. Para monstro e para perversidade abonda o ser humano, en toda a súa xigantesca imperfección. Non só os dous violadores da historia son máis aterradores e máis abxectos que o alienígena de Giger, é que a imaxinación dos urbanitas de súpeto convertidos en presas fainos aínda máis terroríficos cando xa non aparecen en pantalla. O mérito de Boorman é non xulgar xamais os seus personaxes.

A prepotencia e condesdencencia dos homes de cidade fronte aos homes de campo, a súa visión dos bosques, das montañas e os ríos como un patio de recreo particular do que gozar sen dar nada a cambio, está debuxado de maneira moi precisa, ata o punto de que o altísimo prezo que pagan sitúase, na conciencia do espectador, como algo inevitable, por moito que a atroz tortura de Bobby e Ed, e a posterior angustia extrema para salvar a vida, sexan case insoportables. En *Deliverance*, non hai lugar para dramas de salón, ou para outra cousa que non sexa mostrar a pura necesidade de vivir, aínda que para iso sexa necesario matar. Con todo, cando chega o necesario momento de asasinar outro ser humano, por moi deleznable que este sexa, Boorman é o suficientemente lúcido como para mostrar o difícil que é, a carga de conciencia que carrega, e o impulso interior de perdoar a vida aínda que iso nos custe a nosa. Loitas morais que son o corazón da película.

Viaxe moi física, por tanto, pero moi psicolóxica. O esgrevio linde do río é a expresión perfecta dos sentimentos de desesperación dos catro amigos, do mesmo xeito que pouco antes era o da súa sensación de liberdade e de abandono momentáneo da vida urbana. Como cinema de aventuras, *Deliverance* é perfecta, pero como poema visual tamén. Unha película maxistral.